

LÓPEZ VIÑAS, Xoán (2015): *Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval*. A Coruña: Universidade, 528 pp.

O *Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval* constitúe unha versión ampliada da segunda parte da tese de doutoramento do profesor López Viñas, presentada so o título *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*, e que obtivo o premio extraordinario de doutoramento pola Universidade da Coruña no ámbito de Arte e Humanidades en 2014. A obra publicada consiste nun inventario de afixos e formas afixadas creadas en romance. Exclúense, por tanto, aquelas voces, latinas ou procedentes doutras linguas, que non fosen xeradas dentro do noso sistema lingüístico.

Na reelaboración desta parte da tese amplíase o corpus, conformado na súa primeira redacción exclusivamente por textos literarios, e inclúense textos notariais e historiográficos. O resultado é un catálogo, o primeiro desta tipoloxía, en que se identifican, compilan e analizan os procesos de afixación e os vocábulos que deles derivan no galego-portugués medieval.

No referente á macroestrutura da obra, o autor optou por dar preeminencia aos afixos na ordenación alfabética e distribuílos por apartados segundo o proceso de formación de palabras en que interveñen: prefixos, sufixos, parasintéticos e regresivos. Despois de cada entrada colocáronse os vocábulos que conteñen ese morfema.

Canto á microestrutura, a construción de cada artigo resulta similar ao doutras obras lexicográficas. A entrada de cada unha das voces conta cun lema principal harmonizado ortograficamente, escollido en base a criterios estatísticos ou de uso, que vai acompañado da orixe da palabra e seguido por unha definición en forma de sinónimo e/ou perífrase. Detéctase, por veces, un uso excesivo das definicións sinonímicas, polas dificultades que pode causar a translación da realidade detrás do vocábulo antigo a través de voces hodiernas. Tómesese

como exemplo a definición de *albergada* como “albergue” (p. 111), unha forma xa existente na Idade Media que non ten un reflexo adecuado no concepto actual. Por esta razón, ferramentas como o TLIO (Tesoro della Lingua Italiana delle Origini) optaron por reducir ao mínimo o uso destas definicións, así como o de significados contextuais.

A seguir aparecen as variantes coas súas atestacións cuantificadas e divididas por obras. Cada unha das formas vai acompañada de contextualización e da súa localización na obra correspondente. O artigo complétase cun apartado que indica a datación cronolóxica e, finalmente, remite a outras voces similares. Neste último punto sepárase a forma galega actual doutras formas existentes no mesmo sistema lingüístico; aínda que non se especifica se estas referencias pertencen ao galego medieval, ao portugués contemporáneo ou a outra variante lingüística.

No primeiro bloque do diccionario abórdanse os prefixos. Entre estes aparece *a-*, unha introdución non exenta de polémica, como recoñece o autor (2012: 191), ao non podermos distinguir con seguridade cando se trata de prótese vocálica e cando de afixo, xa que neste período convivían formas verbais como *lançar / alanzar, matar / amatar* ou *mostrar / amostrar* sen que existise calquera tipo de distinción semántica. Non obstante, acértase na súa inclusión, xa que a súa presenza está debidamente xustificada pola rendibilidade nas construcións parasintéticas deverbais. Esta duplicidade foise resolvendo no devir histórico do galego, ben coa desaparición dunha das formas, ben coa redistribución de significados (*agardar / gardar*). Outro exemplo de prefixación romance dubidosa é o de *despoer* (p. 69) que recolle as acepcións de *DESPONĒRE* (‘despojar dun cargo, retirar dun determinado lugar’). Os factores que poden explicar o “romanceamento” deste

prefixo son o uso especializado do resultado do mesmo étimo *depoer* ('declarar nun proceso ou acto xurídico-administrativo') e a produtividade do afixo *des-*, que aparece nun total de 102 artigos no apartado de prefixos.

A segunda sección do dicionario, a máis extensa, é a que trata dos sufixos. O espazo que lle dedica o investigador reforza a idea xeral que se ten da sufixación, particularmente da nominal, como o proceso de formación de palabras máis produtivo, unha característica que o romance herda do latín. Este factor aumenta a dificultade de separar as formacións latinas das romances, dado que nalgúns casos partillan a terminación galego-portuguesa. Así, un acerto da obra é a exclusión de voces como *devedor*, *pecador* ou *pescador* creadas en latín, mais que presentan a evolución vernácula do -TÖRE. Porén, aparecen outras de formación latina como *lavrador* e *salvador*.

A terceira división da obra ocúpase da parasíntese, un dos procedementos de formación de palabras en que menos profundou a lingüística histórica galega; en parte, pola imposibilidade de definir con exactitude os límites dun concepto que tradicionalmente se explicou como un proceso de afixación en que se acrecentaban simultaneamente un prefixo e un sufixo. Esta definición privilexiaba o punto de vista sincrónico sobre o diacrónico e non consideraba a existencia de pasos previos na formación de derivados parasintéticos. O procedemento revela unha grande rendibilidade, tal como demostrou o autor da obra, na construción de formas verbais con base nominal: *assanhar*, *anoitecer*, *depenar*, *descabeçar*, *desterrar*, *espavorecer*, *soterrar* etc.

O último apartado trata a derivación regresiva, procedemento que xa existía no latín clásico e que se estendeu ao romance. O seu estudo presenta o problema, xa enunciado polo profesor Manuel Ferreiro (1997: 211), de non podermos determinar con certeza que voz se formou en primeiro lugar. O *Diccionario*

presenta unha listaxe de regresivos deverbais con adición de *-a*, *-o* e *-e*, unha serie de estruturas, as menos variadas de entre todos os tipos de afixación, que se manteñen coas correspondentes mudanzas nas bases lexicais no galego actual.

En definitiva, o *Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval* é unha obra pioneira, o primeiro catálogo de morfemas derivativos e das voces que os conteñen, e necesaria, por preencher unha lagoa dentro dos estudos de lingüística histórica galego-portuguesa. Ademais, o autor mostra a vontade de disponibilizar a súa obra en rede para poder corrixir e ampliar o seu traballo, seguindo o camiño marcado por outros proxectos fulcrais para o coñecemento e a análise do galego medieval como son o TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega), o DDGM (Diccionario de Dicionarios do Galego Medieval) e, máis recentemente, o GLOSSA (Glosario da poesía medieval galego-portuguesa). Desexamos, por tanto, que esta obra abra novas vías para o estudo daqueles aspectos da nosa lingua medieval insuficientemente tratados ou abordados de maneira superficial e continúe a tendencia a ofrecer ferramentas útiles para deitar luz sobre o noso patrimonio lingüístico.

Referencias bibliográficas

- Beltrami, Pietro G. (2013): "Norme per la redazione del Tesoro della Lingua Italiana delle Origini", *Tesoro della Lingua Italiana delle Origini* (dispoñíbel en <<http://tlio.ovi.cnr.it/TLIO/>>).
- Ferreiro, Manuel (1997): *Gramática histórica da lingua galega. II. Lexicología*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- López Viñas, Xoán (2012): *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*. Tese de doutoramento inédita. A Coruña: Universidade.

Francisco GONZÁLEZ LOUSADA
EPAPU do Pereiro de Aguiar
francisco.gonzalez@edu.xunta.es